

Prosa do observatorio: Leviatán

“Leviatán” é verba polisémica. Nunha primeira opción aparece na Biblia, máis en concreto no libro da Xénese. Alí representa a un monstro mariño, encarnación do mal absoluto, parella sobrevivente da serpe que tentou a Eva no Paraíso. A serpe femia morreu, mais o macho leviatán continua vagando polos océanos do mundo. Por iso é que na literatura se identifica tantas veces “leviatán” cunha balea enorme que engule navíos, devasta portos enteiros e destrúe todo canto atopa no seu periplo incesante polos océanos do mundo. Tamén corresponde ao título dun libro fundamental no pensamento político do século XVII, o “Leviatán” de Thomas Hobbes, que en 1651 fixo unha defensa da monarquía cristián como modelo de estado privilexiado para garantir a orde, onde os intereses do rei e os dos vasalos se unifican, e onde a liberdade do individuo queda reducida aos ínfimos espazos da vida onde a lei non se pronuncia. O libro é unha xustificación de orixe divina do estado absoluto, onde non se entende a separación de poderes, pois todos eles fican, por vontade divina, na esfera do poder omnímodo do monarca.

Hai uns días fun ao cinema Vêndome pois pasaban un filme recente (2014) do cineasta ruso Andrei Zvyaginstin, que foi recibido con aclamación en varios festivais. Fun por iso e porque no cartaz aparecía a imaxe dun home sentado nunha rocha diante do mar e a poucos metros do esqueleto completo dunha balea. Pensei nos mares árticos e entroume unha saudade de cando os visitei, novo aínda, e pasei alí case dous anos de vida no mar. O filme desenvólvese nun pequeno pobo do Mar de Barents (que Rusia partilla con Noruega mais alá do Círculo Polar Ártico). É unha historia triste mais que ilustra á perfección o funcionamento do sistema político soviético logo do afundimento da URSS e o poder que a igrexa ortodoxa representa nese sistema corrupto e violento. O poder esmagador do estado e a inxustiza dos poderosos diante dos cidadáns está presente en todo o filme. Un sae do cinema con corpo revoltado, con indignación crecente e con gañas de beber unha botella de vodka sentado diante do mar e a carón dun esqueleto de balea, copiando os excesos típicos/tópicos da “alma rusa”.

Nestas mesmas páxinas xa lles teño falado recentemente do “estado leviatán”, mais non sei se fun claro abondo. Cando falei de que os referendos e outras consultas populares só se podían gañar se era o desexo do poder establecido e, xaora, cando falei da “zona de conforto” do sistema democrático, non estaba a falar doutra cousa que do poder na súa aproximación máis monstruosa, aquela que lamina o albedrío do individuo, que manipula as vontades facendo crer na miraxe do sistema indestrutíbel, que é o mellor que temos e, enténdase, non se pode mudar se non queremos caer na apostasía democrática, na anarquía xeneralizada e na desorde que antecede ao caos apocalíptico.

Estes días aparecen enquisas de intención de voto que refiren un cambio drástico na composición potencial dos parlamento español e galego pola irrupción dunha forza política na praza pública (Por qué nunca coinciden as enquisas dun xornal e as doutro? Por qué hai sempre unha marxe de error tan grande? Por que a situación pode virar con un ou dous escándalos mediáticos?). Sen querer demonizar a esa formación que ostenta o voluntarioso nome de Podemos (que son eu para iso?) nin tan sequera sen dubidar da súa vontade de cambiar algúns mecanismos do poder (eu son inxel por natureza e, mesmo co paso dos anos, creo nas boas intencións), estean certos de que nada do que resulta intrínseco ao sistema vai mudar, pois cando o estado leviatán perciba que a correlación de forzas se afasta da “zona de conforto” e se sinta ameazado, vai sacar os seus cairos afiados e a forza inmensa da súa cauda poderosa, engulindo así a posibilidade de cambio, virando a situación e restaurando a orde que permite (segundo eles) vivir “no mellor dos mundos posíbeis”.

Pesimista? Nin tanto, só analista das razóns que a historia nos dá de que un sistema só se muda logo dun cambio traumático. Seguiremos, pois, observando a realidade e soñado cun futuro mellor.